



ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía-Presidencia número 2024-2115 de 23/10/2024 e Cod. Validación: ZZTWWFXSL3HCKKP9CKRM2E5RT aprobáronse as seguintes:

«BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINANZA OBRIGATORIA, PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2024/2025 A TRAVÉS DAS ANPAs

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conxuntura económica actual está marcada polo proceso inflacionista que arranca na segunda metade de 2021 e que se vén agravando a partir de febreiro de 2022 debido á crise nos mercados enerxéticos derivada das consecuencias da guerra entre Rusia e Ucraína. Segundo os últimos datos publicados polo INE, para xullo de 2023, o índice xeral do IPC alcanzou un 2,3%. Para o mesmo período, no ano 2024 o índice xeral do IPC alcanzou un 2,8%.

Se ben é certo que a economía española leva meses inmersa nun proceso de moderación das presións inflacionistas despois de situarse a mediados de 2022 en máximos non vistos dende os anos 80, moderación inferior á prevista, no 2023 pechouse no 3,1%, esta corrección inflacionaria débese a contribución do compoñente enerxético e á corrección dos prezos da electricidade. No entanto no 2023 os alimentos foron o compoñente con maior repercusión na inflación xeral.

Esta presión continuada sobre o poder de compra afecta de modo desigual á cidadanía. En efecto, as necesidades básicas representan unha maior proporción do gasto no caso de unidades familiares con persoas maiores, dependentes e/ou menores a cargo, polo que son estas familias as que sofren con maior intensidade o fenómeno da subida dos prezos, e especialmente no caso dos prezos dos alimentos, e o incremento dos tipos de xuros que afecta aos créditos hipotecarios e ós créditos ó consumo. Esta situación persistente de elevados niveis de prezos e incremento do custo financeiro das familias debilita igualmente a capacidade destas de facer fronte a desembolsos extraordinarios inherentes á crianza das/os menores, como é o caso dos gastos necesarios para afrontar o curso escolar das/os alumnas/os integradas/os nos distintos niveis de ensinanza obrigatoria. As familias teñen que afrontar o inicio do novo curso escolar cun importante encarecemento dos prezos do material e equipamento que os seus fillos precisan para acudir ao colexio, este desembolso incide negativamente nas economías familiares. Segundo a OCU, para o curso académico 2024/2025 os gastos escolares aumentarán un 13% para cada familia, o que pode supor unha dura carga para moitos fogares.

É por elo que dende a Concellería de Educación propónse establecer un procedemento para a concesión de axudas ás familias dos alumnos e alumnas de centros docentes sostidos con fondos públicos matriculados/as no ensino obrigatorio coa finalidade de que o inicio do novo curso escolar resulte menos gravoso para as economías familiares. Trátase dun gasto extraordinario que responde a unha situación excepcional motivada polo actual contexto económico polo que non estaba previsto no orzamento vixente.

Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos. A fórmula dunha axuda ás familias fixa por cada alumna/o matriculada/o nas etapas referidas en centros de ensino sostidos con fondos públicos considérase a máis oportuna.





O carácter de subvención universal xustifícase en base aos seguintes argumentos:

- En primeiro lugar, a acción proposta fundaméntase no principio de protección económica á familia, entendida, a efectos do presente expediente, como unidade de convivencia con alumnas/os a cargo.

Téñase en conta que as políticas dirixidas á atención de finalidades de interese xeral teñen habitualmente alcance universal e incondicional, como é o caso da sanidade pública ou da propia educación pública, así como, no que respecta a medidas introducidas como resposta á conxuntura económica descrita, a gratuidade das viaxes en tren de cercanías ou media distancia, ou a redución do IVE para determinadas categorías de bens.

- O segundo argumento atende aos principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión (artigo 3.1 da Lei 40/2015). En efecto, a adopción de calquera outra condicionalidade significativa que discriminase ás familias con alumnas/os a cargo aos efectos desta axuda, non só a desviaría da súa finalidade principal, senón que, ademais, os procedementos administrativos necesarios para a comprobación de tales condicións implicarían un custo que resultaría antieconómico .

Sendo conscientes da coxuntura económica que estamos a vivir, así como da obriga que temos como administración pública de facilitar á veciñanza, na medida das posibilidades, a consecución das necesidades vitais e prioritarias, e dada a limitación tanto temporal, como de recursos humanos propios para tramitación administrativa da concesión de determinadas axudas para que cheguen á cidadanía de forma rápida e eficiente é onde consideramos fundamental o papel desenvolvido polas **ANPAS**, Asociacións de Nais e Pais, como entidades xurídicas sen ánimo de lucro que teñen como obxectivo a representación dos seus asociados ante diversos organismos públicos e privados así como a realización de actividades necesarias para a consecución dos seus fins.

Nas ANPAS, como asociacións sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos pola realización de actividades deben destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Coa denominación de ANPA constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e de acordo co artigo 22 da Constitución e o artigo 5 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito de educación e demais lexislación aplicable.

Pola súa banda no artigo 31.6 da Lei de subvencións de Galicia contempla a posibilidade de que, cando a natureza da subvención así o xustifique, poderase realizar **pagos anticipados** a beneficiarios que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I

A Constitución Española de 1978 recolle, dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.





Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art.27 EAG).

A normativa de réxime local, no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e no artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, correspondéndolle como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, a Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EE.LL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: “continuarán exercéndolas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: “continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela” (Disps. Adics. 1ª e 4ª Lei 5/2014) .

II

Xa máis especificamente no eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións Locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por último, a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de material escolar, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, na ordenanza xeral de subvencións (OXSCN) a entidades e colectivos de cidadáns sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP 141 do 22/07/2005), ás Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación





BASES

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINANZA OBRIGATORIA, PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2024/2025 A TRAVÉS DAS ANPAs

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para a adquisición material escolar no curso académico 2024-2025, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás ANPAS, asociacións de nais e pais de nenos e nenas matriculados/as en Educación Primaria e/ou Educación Secundaria Obrigatoria en centros docentes públicos sitos no Concello de Nigrán, para a adquisición de material escolar destinado ós/ás alumnos/as de ditos centros.

Estas axudas buscan paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo producida pola subida xeralizada dos prezos, coa fin de que poidan facer fronte ao desembolso extraordinario que supoñen os gastos necesarios para a volta á escola do alumnado das referidas etapas educativas.

Entenderase por material escolar o necesario para realizar as actividades que desenvolvan o se promovan no centro docente (excluídos os libros de texto):

- Material funxible: bolígrafos, lapis, lapis de cores, pegamentos, tesoiras, elementos para borrar, sacapuntas, regras, cadernos, folios, etc
- Material non funxible: mochilas escolares, clasificadores, archivadores, estoxos, calculadoras, compases, libros de lectura, etc.
- Elementos de manualidades para a práctica de Educación Artística, Educación Plástica, Tecnoloxías ou Música (ceras, óleos, pinturas, pinceis, instrumentos musicais, etc

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS E RÉXIME DE CONCESIÓN

Poderán beneficiarse destas axudas as Asociacións en nais e pais (ANPA) dos alumnos de cada centro de ensinanza pública de Nigrán.

Cada ANPA poderá solicitar unha axuda en función do número de alumnos matriculados en cada centro.

As axudas asignadas a cada ANPA serán destinadas á adquisición de material escolar de xeito que **redunde de forma directa, equitativa e proporcional no colectivo de alumnos matriculados** no centro, para así contribuír ao normal desenvolvemento diario das actividades educativas e formativas e liberar do custo económico ás familias.

RÉXIME DE CONCESIÓN:





A concesión desta axudas realizarase en réxime de concorrència non competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nas bases.

TERCEIRA.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A contía das axudas será de cincuenta euros (50,00€) por cada alumno/a escolarizado nos centros de ensino público do Concello de Nigrán.

	IMPORTE POR ALUMNO/A
Alumnos de Educación Primaria	50,00€
Alumnos de Educación Secundaria Obligatoria	50,00€

A financiación da concesión destas axudas farase con cargo á Aplicación Orzamentaria 24 323 48000, "Subvencións para sufragar gastos de material escolar" dotada con un importe de 60.000,00€.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

CUARTA: REQUISITOS

- ✓ Ser unha asociacións de nais e pais de alumnos – ANPAS dos centros públicos de ensinanza obrigatoria, educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria pertencentes ao Concello de Nigrán.
- ✓ Instancia subscrita pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, dirixida á Alcaldía do Concello de Nigrán, na que se solicite a subvención e o pago da mesma.
- ✓ Que a solicitante acredite mediante un certificado do centro escolar o número de alumnos matriculados en educación primaria e/ou secundaria para o curso académico 2024/2025.
- ✓ Que os beneficiarios das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia ATRIGA), co Concello de Nigrán e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- ✓ O feito de solicitar estas axudas implica a aceptación das bases reguladoras, así como a adquisición do compromiso da compra do material escolar e o posterior reparto equitativo entre os alumnos matriculados no centro.

QUINTA: OBRIGAS





Serán obrigas das entidades beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Nigrán no proceso de xestión e pagamento destas axudas.
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Departamento de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitar a este e a Intervención Municipal toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SEXTA: COMPATIBILIDADE

A subvención que se outorga será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

SÉTIMA: SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrência non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da LSG, non sendo necesario fixar unha orde de prelación, nin realizar comparación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, por canto a finalidade é axudar a todas as familias con nenos/as en educación obrigatoria atendendo aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Poderán presentar solicitudes as ANPAS dos/das alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos en Educación Primaria e/ou Educación Secundaria Obrigatoria, utilizando o modelo oficial.

Só se aceptará unha solicitude por ANPA.

Con carácter xeral, xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- **Certificado do centro escolar** acreditativo do número de alumnos/as matriculados no curso 2024-2025 en Educación Primaria e /ou Educación Secundaria Obrigatoria para o que se solicita a axuda
- Documento acreditativo do **IBAN** da conta bancaria da entidade solicitante da axuda.
- **Acreditación da representación** da persoa solicitante
- Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

OITAVA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes cumprimentaranse utilizando o **formulario electrónico** dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Nigrán de **uso obrigatorio** para os interesados no que determinará **axuda solicitada en función do número de alumnos/as matriculados**





Solicitud telemática : Presentarase a solicitude **por medios electrónicos** na sede electrónica do Concello de Nigrán, achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace <https://nigran.sedelectronica.gal/> segundo o establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA: PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación correspondente será de **quinze días hábiles** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, se cumpren os requisitos nelas esixidos e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

DÉCIMA: TRAMITACIÓN E SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG a concesión das axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instructor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Departamento de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

DÉCIMO PRIMEIRA- CONCESIÓN DAS AXUDAS

1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas será **Alcaldía-Presidencia**.

2.- O prazo para resolver e notificar será, como máximo, de **tres meses** dende a data de remate da presentación de solicitudes no rexistro xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que Alcaldía-Presidencia dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO SEGUNDA: PAGO DAS AXUDAS

A resolución de concesión da axuda recoñece o dereito ao pago anticipado da subvención, mediante transferencia bancaria, sen prexuízo da obriga da posterior xustificación da mesma.

Recoñécese anticipadamente a obriga de gasto polo 100% do importe concedido con cargo á Aplicación Orzamentaria 24 323 48000, destinada a *Subvencións para sufragar gastos de material escolar*





DÉCIMO TERCEIRA: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:

A xustificación da subvención efectuarase na modalidade de Conta Xustificativa que conterà, polo menos:

- ✓ **Instancia** subscrita pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, dirixida á Alcaldía do Concello de Nigrán, na que se xustifique a subvención.
- ✓ **Memoria de actuación xustificativa do cumprimento** das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos nomes dos alumnos/as perceptores finais do material escolar.
- ✓ Unha **relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade**, preferentemente en establecementos de Nigrán, con identificación do acredor e do documento, por exemplo facturas, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

Consideraranse admisibles como xustificantes de pago algúns dos documentos seguintes:

- Extractos ou certificacións bancarias. No caso de pagos mediante cheque xustificárase o pago mediante o extracto ou detalle bancario que xustifique o cargo na conta do beneficiario.
- Recibín do pago do proveedor (excepcionalmente e limitado a gastos de pequena contía) ou acreditación na súa falta, mediante o reflexo na súa contabilidade dos pagos en metálico.
- A entidade beneficiaria debe de conservar os xustificantes acreditativos da realización do pago material ao proveedor ou prestador do servizo, que no seu caso poderán ser requiridos pola Administración.

Os documentos acreditativos do pago dos gastos subvencionables farán constar de forma expresa:

- A data do pago, que debe ser como máximo a data tope de xustificación.
- A identificación do beneficiario do pago e do ordenante do mesmo.
- Concepto en que se ordena o pago, con remisión ao número ou números de factura a que corresponde. Se o documento de pago como tal non fai referencia á/s factura/s, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pago.

Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais sinalados anteriormente, non permitan identificar claramente as facturas ou xustificantes vinculados ao proxecto ao que correspondan.

En calquera caso, deberá cumprirse o sinalado no art. 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, sobre limitación dos pagos en efectivo.

Deberá acreditarse a realización do pago material dos gastos máis significativos e especialmente os que superen a limitación de pago en efectivo de 2.500 euros, o importe da operación, sen que ningún dos pagos parciais poida realizarse en efectivo.

Se a verificación dos pagos resulta negativa non se admitirá o gasto, por aplicación do art 31.2 da LXS.





A entidade beneficiaria debe de conservar os xustificantes acreditativos da realización do pago material ao provedor ou prestador do servizo.

- ✓ No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados dos mesmos.
- ✓ *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte a seguridade Social, e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Administración Pública*
- ✓ Acreditación da publicidade do financiamento por parte do Concello segundo o estipulado na base décimo quinta

Establécese como **prazo para a xustificación da subvención seis meses** dende a resolución da concesión.

Para achegar a xustificación **deberá** utilizarse o **formulario electrónico dispoñible** na sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>) no apartado Trámites/Formularios de solicitude/Subvencións.

A contía para xustificar ha de ser igual ou inferior a contía indicada na resolución como importe da axuda a conceder.

DÉCIMO CUARTA: CAUSAS DE PERDA DA SUBVENCIÓN

As previstas legalmente. Lémbrese que a falta de xustificación da actividade ou obxecto da subvención, dará lugar á perda da mesma (art. 34.3 LXS).

DÉCIMO QUINTA: PUBLICIDADE OBRIGATORIA

A entidade beneficiaria debe realizar e acreditar que se efectuou a publicidade sobre o financiamento público do proxecto subvencionado (art.14.1.h LXS). Dado o carácter público do financiamento da actividade, a mesma debe de ir dirixida ao público en xeral.

En concreto, a publicidade consistirá nun escrito facilitado ós alumnos/as que acompañe á entrega do material, no que conste que “Este material foi adquirido coa axuda do Concello de Nigrán concedida á ANPA no ano 2024 para a adquisición de material escolar”.

Así como na colocación, nun lugar visible, dun **cartel publicitario**, empregando o modelo que se lles facilitará ao efecto e que pode atoparse na sede electrónica do Concello de Nigrán (<https://nigran.sedelectronica.gal>) no apartado Transparencia/Axudas e Subvencións.

DÉCIMO SEXTA: PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Nigrán, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.





Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Nigrán ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común."

DÉCIMO SÉTIMA: VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante o ano 2024, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

DÉCIMO OITAVA: RECLAMACIÓNS

Contra as presentes bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que o ditou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación ou publicación. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

En Nigrán, na data de sinatura electrónica

Rubén Rial Sánchez

1º Tenente de alcalde en substitución do alcalde

(Decreto de delegación núm 2024-2054 de 14/10/2024)

